



## / O que fixemos... /

### XL Aniversario no C.C. Novo Mesoiro.

O pasado día 18 de novembro, e continuando a orde programada de actuacións, o grupo de cantos populares de Tanxedoira deleitou coas súas cancións a todo o persoal que nos agardaba ansioso no Centro Cívico de Novo Mesoiro.

Ás 19h. un pouco pasadas, saían á escena os e as compoñentes deste grupo, que abarca persoas do coro e da rondalla.

Ás ordes do director David Loureiro, interpretaron durante case unha hora cancións coñecidas de todos e todas, que foron canturreadas e aplaudidas pola maioría de persoas que abarrotaba o salón do centro cívico.



*As voces que colaboran a darlle popularidade aos cantos.*

Se aínda non os escoitache, non deixes de ir ás próximas actuacións.

Agardámoste! 📌

*Jesús García.*

### Festival de Corais en Atios (Porriño).

Seguindo o espírito de colaboración da nosa Asociación Tanxedoira, o coro participou no Festival

de Corais que se celebrou en Atios o pasado 19 de novembro. Non podiamos deixar escapar esa invitación e aló marchamos no bus até o Auditorio da Casa Cultural de Atios, no Porriño. A verdade é que a acollida foi moi agarimosa e os membros da Asociación de Atios estiveron pendentes de nós en todo momento.



*Na provincia de Pontevedra tamén souberon de nós.*

No festival participaron a Coral Ponte das Febres de Ribadelouro, a Coral Polifónica de Atios e a noso coro Tanxedoira e transcurriu nun ambiente moi divertido, amigábel e, nalgúns momentos, cheo de emoción. Unha mostra foron as dedicatorias e numerosas mostras de cariño que recibiu o pai do noso compañeiro Xosé Luis Reza. E aínda que estabamos a finais do mes de novembro, xa se podían respirar o ambiente do Nadal.

Ao rematar o concerto puidemos compartir uns petiscos co resto de corais organizados polos anfitrións. E cando chegou o momento de marcharmos, fixémoslo coa promesa dunha nova colaboración entre nós. Até outra! 📌

*María García.*

### Entrevista polo XL aniversario.

Entre os actos que se veñen desenvolvendo por Tanxedoira con motivo do seu XL Aniversario, áchase a entrevista que lle fixo o programa

Recendo, da asociación Aleixandre Bóveda e que se emite en Radio CUAC FM, o día 28 de novembro, a tres significativos representantes da asociación: Leticia Riestra, Presidenta; David Loureiro, Director do coro e da rondalla e; Marisa Becerra, socia veterana e grande colaboradora.



As nosas voces no estudio.

Os nosos representantes, do mesmo xeito que sempre, souberon estar á altura das circunstancias, explicando con detalle aos oíntes a tan particular forma de actuar da nosa asociación, agradecéndolles a súa voluntariedade para colaborar na expanxión do nome de Tanxedoira.

**Tanxedoira.**

## Concerto de Corais.

Máis unha vez, a música uniunos outro sábado pola tarde. Desta volta, na igrexa da Terceira Orde, con motivo do XL aniversario da nosa Asociación Tanxedoira. Alí estiveron, xunto co noso coro, tres grupos: de Lugo, Pontevedra e Mera, que interpretaron temas moi cometidos na nosa terra galega, como *O voso galo* ou *Mariñeiro*. Puidemos escoitar panxoliñas populares, típicos destas datas, como un que hacía anos que non ouvía: *Aló entre as pallas*. Logo do xa mencionado *Mariñeiro* tamén puidemos ouvir outros como *Cativiño*, de recente estrea no noso coro.

Despois dun variado repertorio, tocaba repor forzas para continuar a festa, mais dun xeito máis informal. Á fin dos petiscos, todos e todas xuntos entoamos cancións como *O carro*, *O rodaballo* etc. E xa non había grupos, éramos persoas facendo o que máis nos gusta: cantar e desfrutar coa música.

**Mar Pombo.**



Actuación da nosa coral durante o concerto.

## 3º Festival de Cáritas San Cristovo Das Viñas e San Luis Gonzaga.

Ola a todos e a todas!

Xa volo comentaba o pasado ano: “Espero que o ano que vén nos volvamos ver outra vez no .º festival”... E así aconteceu. A cantar con ledicia, con ánimo de se divertir e colaborar.

Sodes moi grandes, facédelo todo con moitas gañas e sen pedir nada a cambio. Non sabedes o que me axudastes no festival! Recollendo mercancías, vendendo papeletas, deixando as bolsas de alimentos e, sobre todo, dándome folgos sen parar. Por todo isto, quero darvos as grazas. Mais non así, se non así:

GRAZAAAAAAAAAAAAAAAAAAAA



O noso grupo de pandeiretas en acción.

O festival desenvolveuse sen incidencias a excepción dunha señora á que lle tieven que dicir que pasara a botella de viño na mesa, que os demais tamén quería beber... Non a quería soltar! Hahahahahaha. Canto aos números, cumprimos os obxectivos marcados no referente a público e recaudación. Todos os grupos actuaron como tiñamos acordado, sen ningún tipo de problema. Todos fixérono moi ben, mais a min o que máis me gustou foi o coro Tanxedoira, que cantan como os anxos!

Para finalizar, quero dar as grazas á dirección de Tanxedoira pola súa colaboración.

E agora imos ver que pasa co 4º Festival...

Alén de todo isto, foi para min un festival moi especial, porque estaban nel o meu fillo e a súa namorada, que viñeron para nos ver desde Valladolid. Grazas tamén a eles: Loreto e Fernando.

Un agarimoso saúdo de: Rosa, Loli, Begoña e Maxi de Cáritas S. Cristovo das Viñas

**Maxi García.**

## Concurso postais de Nadal.

Vendo aproximarse o Nadal, Tanxedoira procedeu á convocatoria do seu tradicional Concurso de Postais, ao que responderon con entusiasmo socios maiores e pequenos.

Realizada polo xurado convocado para o efecto, da valoración dos traballos presentados, logo dunha difícil selección lograr, resultaron premiados os seguintes:



Carmen Mª Santiago e  
Ana Mª Ramos  
(categoría adulta)



Mara Da Silva  
(categoría infantil)

A proclamación de vencedores e a entrega de premios realizouse no transcurso do Festival de Nadal, celebrado no Centro Cívico de Novo Mesoiro o pasado sábado 23 de decembro.

Xa haberá que ir pensando que nova obra presentaremos ao concurso do próximo ano. Por moito madrugar non amence máis cedo, porén non deixes para mañá o que poidas facer hoxe

**Tanxedoira.**

## Festival de Nadal.

Como cada ano, no mes de decembro, os membros de Tanxedoira xuntámonos para celebrar o noso tradicional Festival de Nadal, que se levou a cabo o pasado día 23 no Centro Cívico Novo Mesoiro, en que, coma sempre, non faltou a música, as panxoliñas e os agasallos para grandes e pequenos. Este ano, a parte das nosas tradicionais cestas, engadíronse dous agasallos máis, cedidos por dúas empresas locais: Gran Leiriña e Biosleep, ás cales se lle agradeceu o seu aporte para o Festival.

O Festival foi conducido por Sofi Love e Carmen, dando paso en primeiro lugar aos membros do coro, que nos deleitaron cunhas panxoliñas, algunha delas acompañada de instrumentos, que as fixeron todavía máis fermosas se cadra. A seguir, os membros de acordeón, que cada día se van facendo "maiores" nos festivais, e os de pandeireta, cada vez máis numerosos, fixeron as delicias de todos nós.

Despois saíron á escena os membros de Improvisación ao teatro, que, como o seu nome indica, improvisaron uns sorrisos a todos os presentes. Despois voltou a música a cargo de Leti Riestra e David (botouse de menos a Javier, o profe, que desta non nos puido acompañar), cos membros de guitarra, acompañados por algún membro do coro para deleitar co tema *Más allá*, de Gloria Estefan. Fermosísimo!



Actuación dos acordeonistas.

E, coma sempre, deuse o premio as nosas tradicionais postais navideñas (e esperamos que

cada ano se anime máis xente). Moitas felicitacións para todas e todos os que participaron, pois é algo maravilloso o ver como grandes e pequenos desmenuzan o sentimento do Nadal nunha folla de papel.

E chega o trineo con máis regalos. Agora si, chegaba o sorteo dos agasallos recibidos por Gran Leiriña e Biosleep, alén das nosas tradicionais cestas para nenos e adultos, para cerrar o acto coa participación da Rondalla Tanxedoira, que, coma sempre, fixo as delicias do público que asistiu, ademais de facelos participar.

Pois todo isto aconteceu no noso Festival. Desde o grupo de Festivais e dos membros da Xunta Directiva queremos agradecer e esperamos que fose do voso agrado. Do mesmo xeito, queremos desexarvos unhas felices festas e un próspero ano 2018.

Grazas por compartir estas datas con nós. Até a seguinte, Tanxedoirxs 

**Roberto López.**

## De xira natalicia polos xeriátricos

O pasado venres 22 de decembro os integrantes do Coro Tanxedoira tivemos o pracer de tentar facer unha tarde agradábel coas nosas cancións na Residencia “Geriatros” (Oleiros). Alí reside, dende hai un tempo, o pai da nosa querida compañeira Puri, o cal tiven o gusto de coñecer persoalmente. Despois dos cánticos convidáronnos a un delicioso chocolate con churros, moi agradábel e apetecíbel nunha tarde tan fría. Durante a degustación coñecemos a Berta, unha residente moi elegante que se adica á poesía dende hai moitos anos e que decidiu deleitarnos cun poema que escribiu en honor á Princesa Leonor, polo cal recibiu, segundo ela, resposta e agradecemento por parte da Zarzuela.



*O Nadal notábase no ambiente.*

Posteriormente, o martes 26 fomos tamén á Residencia Ballezol (Perillo), onde os residentes corearon con nós unha morea de panxoliñas e cantos populares. Incluso, algún intre, atrevéronse a bailar.

Logo, o venres 29 tivemos sesión dobre: pola mañá na Residencia Pública de Oleiros e pola tarde no Centro de Día Cáritas na Sagrada Familia, nas cales estivemos moi ben acollidos e cómodos.

Debo dicir, finalmente, que, dende que estou neste coro, para min o Nadal ten outro sentido ao poder compartir todos estes momentos facendo o posíbel por que estas persoas o pasen ben durante estas datas tan significativas. E incluso moitas veces piropéannos coma se fóssemos uns artistas de renome, alén de cantaren con nós. Nestas ocasións decatámonos de que, ben seguro, lles facemos lembrar os seus tempos mozos, polo que é moi fermoso e enriquecedor o ver que se emocionan e disfrutan un anaquiño con todos nós.

Pola miña parte, máis nada que dicir que...

É un pracer pertencer ao Coro de Tanxedoira.

Grazas.


**Carmen M<sup>a</sup> Santiago.**

## Chocolatada.

O pasado domingo 8 de xaneiro de 2018 fixemos unha chocolatada en Tanxedoira, veu moita xente e pasámolo xenial.



*Chocolate houbo e larpeir@s non faltaron.*

Ademais o chocolate estaba boísimo! Somos unha grande familia e pasámolo xenial. Agardo que para o ano que vén se repita e haxa outra igual 

**Carlota Blanco.**

## Showcooking.

O sábado 13 de xaneiro, despois de todas as comelladas do Nadal, e como en Tanxedoira gostamos pouco do de comer, tivo lugar un showcooking da man do cociñeiro José Ramón Riestra. E que é iso do showcooking? Pois amosarnos e ensinarnos a cociñar dándonos consellos e trucos. Esta vez a elección foi unha serie de petiscos e unha sobremesa.




Os asistentes seguindo con interese as explicacións do chef.

Despois dunha simpática presentación, comezou a explicación dos pratos que iamos aprender a cociñar. Todos con ingredientes mercados en supermercados e axustándose a un presuposto asequíbel e á altura de todos os petos (nada de bogavantes nin caviar) e con procedimentos materiais presentes en todas as cociñas (nada de escumas nin de esferificacións). Agora ben, a publicidade que se fixo de Makro e Ikea non ten prezo... as próximas veces imos ter que lles pedir descontos polo patrocinio...

Comezamos cunhas zamburiñas en salsa de allo porro (salsa que pode ser empregada con calquera outro molusco e mesmo con arroces), que, pola súa sinxeleza na elaboración e o sabor, conquistou os asistentes xa desde o primeiro momento.

A seguir, continuou cunha milfollas de mango e queixo de cabra e outra de mazá e crema de froitos secos. Ambas as dúas foron feitas cunha elaboración bastante sinxela e asequíbel, incluso para as preguiceiras na cociña, como é o meu caso. Despois, pasamos aos pratos que requerían un pouco máis de elaboración, como foi o caso dos cogumelos rebozados con salsa de cabrales e luras recheas de atún con cordón de alioli.

Para rematar, degustamos piña gratinada, que fixo as delicias de todas as persoas asistentes (mira que somos larpeiros e larpeiras...).

A verdade é que a xente desfrutou e aprendeu moitísimo, xa que, mentres o chef ía preparando e explicando os pratos, ía resolvendo todas as dúbidas que nos xurdían, así como dando pequenos consellos e trucos. É por iso que, o tempo botóusenos enriba e, cando caemos na conta, xa tiñan pasado tres horas. Mais todo o mundo resistiu ao pé do canón, porque había gañas da sobremesa. Agora só resta agardar a seguinte para aprender novos trucos e pratos cos que sorprender á familia e ás visitas 

**Leticia Riestra.**

## Misceláneas.

### Un lugar para a memoria.

*As coincidencias da vida ás veces traen encrucilladas que nos deixan unha mestura de sabores difíciles de combinar, aínda que ao final acaban maridando ben. Tanxedoira celebra unha efeméride importante este ano como é o 40 aniversario do seu nacemento cunha filosofía esencialmente sinxela pero nada fácil de levar adiante; un ideal doado de citar nunha palabra pero non de practicar: compartir, en todas as súas acepcións. Isto implica altruísmo e moita sensibilidade empática. E nesta sociedade, malos tempos para a lírica.*

*Todo ese ideario (case nada!) foi o que, quizais inconscientemente, asentaron as familias fundadoras na Asociación. E digo inconscientemente porque en conxunto eles eran así, altruístas, empáticos e sensibles; non creo que fose algo premeditado. Ben é verdade que no seo da parroquia de Santa María de Oza e co respaldo de Antonio Noche e Juan Vila (responsables espirituais da época) viña dado.*

*Non lembro o número de familias, pero si a todos eles, e o clima que creaban. Era tal o efecto contaxio que o entusiasmo creado anulaba outras alternativas fóra de alí. Eran matrimonios novos con fillos pequenos cun obxectivo común: construír para os seus fillos un espazo seguro de valores. Así empezou Tanxedoira.*

Aquelas familias novas loxicamente cambiaron despois de 40 anos. Nalgúns casos tal foi o paso do calendario que desapareceron: Moncha Rey, Fernando Pombo, Teresa Oujo e algún que non foi fundador pero como se o fose, Rafael Carneiro. Pero neste 2017 o número de baixas incrementouse de súpeto en catro. Concha Gómez foi a primeira, seguida poucos meses despois polo seu marido Clemente Seoane; no verán foi Nieves Prieto e este decembro Latina Precado. Citar eses nomes en Tanxedoira é como traer á memoria ás grandes figuras do cine, da literatura ou da música. Eran (son), como os primeiros, grandes, decisivos, con ese título de nobreza que outorga o honor.

Non é cuestión de poñer unha nota triste en medio da festa, senón de alegrarnos pola sorte que tivemos de telos a todos eles en Tanxedoira. Creo que seríamos inxustos se non facemos un pequeno oco na festa, na memoria e no corazón para desexarlles o descanso que merecen e para agradecerlles todo o bo que nos deixaron. A sensibilidade lémbra-nos que debemos unir á celebración do aniversario o agradecemento para estas persoas que desde este ano xa non están connosco e que iniciaron ese camiño. Así maridan ben eses sabores.

Paz e gratitude eternas para todos eles

*Julio Loureiro.*

## Agradecemento a unha poetisa.

Deséxase deixar constancia do agasallo especial que recibiron os membros do grupo de Cantos Populares, despois da súa actuación no xeriátrico DomusVi de Oleiros, agasallo consistente na declamación de dúas fermosas obras da poetisa Dna. Berta Baltar Traveso. Grazas por iso



*Tanxedoira.*

## Aqueles maravillosos anos!



1989? Merenda do Festival de Rondallas, no local do lavadoiro de Monelos.

## / A destacar.../

### Axenda

27 de xaneiro.

**ACTOS XL ANIVERSARIO.-** Cantos Populares. Centro Cívico Monte Alto. De 19:00 a 20:00 horas. R/ Vereda del Polvorín s/n. Entrada de balde.

10 de febreiro.

**FESTA DO ENTROIDO.-** Menú típico: Laconada. Restaurante Javimar. Rúa Fariña Ferreño 18. Prezo: 18 € adultos e 10 € nenos e nenas menores de 10 anos. Hora: 14:30. Folla de inscrición no local social, até o día 3 de febreiro. De que virás disfrazado?

14 de febreiro.

**V CERTAME DE FOTOGRAFÍA FERNANDO POMBO.-** A partir do día 14 de febreiro, pódense ver as bases tanto no taboleiro de anuncios da Asociación como na web [www.tanxedoira.org](http://www.tanxedoira.org)

17 de febreiro.

**ACTOS XL ANIVERSARIO.-** Grupo de cancións populares no Centro Cívico Los Rosales. Praza Elíptica 1. De 19:00 a 20:00 horas. Entrada de balde.

📅 24 de febrero.

**CERTAME DE RONDALLAS.**- Con motivo do XL Aniversario, e participarán: Rondalla Trovadores (Ares), Rondalla Latexos (Lugo), Rondalla Nova Xeración (Barbadás) e a Rondalla Tanxedoira. Celebrarase no C.C. Os Mallos, de 17:00 a 19:00 horas. Avda. de Arteixo 147-baixo. Entrada de balde.

📅 10 de marzo.

**ACTOS XL ANIVERSARIO.**- Cantos Populares no Centro Cívico Sagrada Familia, de 19:00 a 20:00 horas. Praza Nosa Señora s/n. Entrada de balde.

📅 7 de abril.

**ACTOS XL ANIVERSARIO.**- Cantos Populares. Centro Cívico Santa Margarita s/n. De 19:00 a 20:00 horas. Entrada de balde.

📅 5 de maio.

**ACTOS XL ANIVERSARIO.**- Cantos Populares no Centro Cívico San Pedro de Visma. Rúa San Pedro de Visma 27. De 19:00 a 20:00 horas. Entrada de balde.

📅 12, 13, 19 e 20 de maio.

**CERTAME DE TEATRO.**- Incluído nos actos do XL Aniversario e coa participación de:

Día 12.- Grupo de teatro Salesianos.

Día 13.- Grupo de teatro Xiria.

Día 19.- Grupo de teatro Melandrainas.

Día 20.- Grupo de teatro Tanxedoira.

IES Colegio Salesiano San Juan Bosco, Rúa Hospital 14. Horario de 18:00 a 20:00. Entrada de balde.

## / Non perdas.../

### Actos XL Aniversario.

Como se informou, a nosa Asociación cumpre o seu XL Aniversario. Para resaltar un feito tan memorábel, realizouse una serie de actos que se veñen desenvolvendo por diferentes puntos da nosa cidade, e facémolo coa fin de achegar o noso traballo a toda a poboación que o desexe gozar. Por iso, tamén nos gustaría contar coa presenza dos

socios e socias e dos amigos e amigas, pois as actividades que se desenvolven foron posíbeis grazas á colaboración, directa ou indirecta, de todos e todas vós. Esperámosvos!

## V Certame de fotografía Fernando Pombo.

O día 14 de febreiro publícanse as bases da xa tradicional convocatoria do "Certame de fotografía Fernando Pombo", e con ela a posibilidade de demostrar a habilidade que se ten coa máquina, e optimizar os nosos sentidos, para captar as mellores escenas.

Non esperes ás últimas datas para achegar os traballos, e lembra que podes presentar un máximo de dúas fotografías.

Anímate! Por que non has de gañar o certame?

## Xantar XL Aniversario.

Temos no taboleiro de avisos da Asociación unha listaxe de inscrición para todas as persoas que se queiran ir anotando ao noso xantar 40º aniversario que terá lugar, o próximo 2 de xuño ás 14:30 horas, no Restaurante Boavista (Rúa Real, 83).

Prezo para socios e socias: Adultos 25 € - Menores 12 anos 15 €

Prezo para persoas non asociadas: Adultos 32 € - Menores 12 anos 21 €.